

# REDUCIR, REUTILIZAR E RECICLAR

A nosa Terra é moi fermosa,  
debémola protexer,  
se non un día esa beleza  
podería desaparecer.

Reducir, reutilizar e reciclar,  
as tres regras que debemos aplicar.  
Para non danar o ambiente,  
e o máis intelixente.

## Reduce!

Lembra apagar sempre as luces.  
Pecha a billa cando laves os dentes,  
e en vez dun baño, elixe unha ducha.  
Cando vaiades á compra,  
non esquezas levar bolsa.  
Pensade ben que ides mercar,  
de verdade o vas necesitar?

Reducir, reutilizar e reciclar.  
Coida a natureza  
e poderala gozar!



## Reutiliza!

Despois de rematar o mel  
usa o tarro para mil cousas meter.  
Os restos de comida  
ao lixo non os botes,  
fai o teu propio fertilizante  
para verduras e flores.

Reducir, reutilizar e reciclar.  
Coida a natureza  
e poderala gozar!

## Recicla!

Non esquezas nunca separar o lixo.  
Tirar cada residuo ao seu colector  
é o mellor para o planeta, seino fixo!

Reducir, reutilizar e reciclar.  
Coida a natureza  
e poderala gozar!

